



Resolución do 31 de xullo de 2017 pola que se adxudican provisionalmente os destinos provisionais para o próximo curso académico 2017/18 ao persoal docente pertencente aos corpos de catedráticos e profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, catedráticos e profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, catedráticos e profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño, que non teñan destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia, aos que resultan desprazados por falta de horario, ao persoal que se lle conceda unha comisión de servizos por concellería, por motivos de saúde ou por conciliación familiar, ao persoal interino e substituto e ao persoal funcionario de carreira que solicite o reingreso no servizo activo.

Pola Orde do 13 de xuño de 2017 (*Diario Oficial de Galicia* do 26 de xuño) ditáronse normas para a adxudicación de destino provisional para o curso académico 2017/18, entre o persoal docente pertencente aos corpos de catedráticos e profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, catedráticos e profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, catedráticos e profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño, que non teñan destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia, aos que resultan desprazados por falta de horario, ao persoal que se lle conceda unha comisión de servizos por concellería, por motivos de saúde ou por conciliación familiar, ao persoal interino e substituto e ao persoal funcionario de carreira que solicite o reingreso no servizo activo.

Ao abeiro do que establece a base trixésima segunda da citada orde,

RESOLVO:

Primeiro.- Adxudicar provisionalmente os destinos provisionais para o próximo curso académico 2017/18 ao persoal docente pertencente aos corpos de catedráticos e profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, catedráticos e profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, catedráticos e profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño, que non teñan destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia, aos que resultan desprazados por falta de horario, ao persoal que se lle conceda unha comisión de servizos por concellería, por motivos de saúde ou por conciliación familiar, ao persoal





interino e substituto e ao persoal funcionario de carreira que solicite o reingreso no servizo activo, de acordo coas bases reguladoras do concurso establecidas pola orde do 13 de xuño de 2017.

Segundo.- Ordenar a publicación da resolución provisoria do concurso na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria www.edu.xunta.es

Terceiro.- De conformidade co disposto na base trixésima terceira, o persoal concursante poderá presentar reclamacións e renuncias á resolución provisoria ata o día 2 de setembro de 2017, este incluído, ante a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos. Ademais de pola vía ordinaria, a reclamación deberá remitirse por fax ao número 981545484 ou por correo electrónico do enderezo persoal.secundaria@edu.xunta.es.

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2017

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Por suplencia (resolución do 27 de xullo de 2017)

O secretario xeral técnico

Jesús Oitavén Barcala

